

2/503 APROBACIÓN DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA 2025.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do xefe da Asesoría Xurídica, do 15 de decembro de 2025, conformado pola tenenta de alcalde delegada da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Proposta da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Concello de Lugo do día 4 de decembro de 2025 sobre aprobación da oferta de emprego público do Concello de Lugo para o ano 2025.

II. Acta da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Lugo celebrada o día 10 de decembro de 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. A regulación específica da oferta de emprego público (en diante OEP) no ámbito local atópase contida no artigo 91 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LBRL) que prevé que:

“1. As Corporacións locais formarán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose aos criterios fixados na normativa básica estatal.

2. A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Así, as ofertas de emprego público deben aprobarse anualmente unha vez aprobado o orzamento do exercicio. Neste sentido, pronúnciase o artigo 70.2 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TREBEP) ao sinalar que:

“A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario oficial correspondente.”

II. Regulada a obriga de aprobar a oferta de emprego público, débese valorar se na elaboración da OEP do Excmo. Concello de Lugo para 2025 se debe ter en conta o artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 (en diante, LPXE 23), estando actualmente os orzamentos xerais prorrogados. Neste sentido, é preciso sinalar en primeiro lugar que a

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3083906939675017459.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

situación de prórroga orzamentaria estatal non impide a aprobación da OEP do resto de entidades públicas.

Así, o artigo 38 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria (en diante LXP) establece:

“1. Se a Lei de Orzamentos Xerais do Estado non se aprobase antes do primeiro día do exercizo económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos iniciais do exercizo anterior ata a aprobación e publicación dos novos no “Boletín Oficial do Estado”.

2. A prórroga non afectará os créditos para gastos correspondentes a programas ou actuacións que terminen no exercizo cuxos orzamentos se prorrogan ou para obrigacións que se extingan no mesmo.

3. A estrutura orgánica do orzamento prorrogado adaptárase, sen alteración da contía total, á organización administrativa en vigor no exercizo en que o orzamento deba executarse”.

A este respecto, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas contestou unha consulta o 4 de outubro de 2016, onde se indicaba en relación coa prórroga orzamentaria de 2017 sobre os gastos de persoal, o seguinte: *«De acordo co artigo 134.4 da Constitución española e 38 da LGP, se a Lei de Orzamentos Xerais do Estado non se aprobase antes do primeiro día do exercizo económico correspondente consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos iniciais do exercizo anterior ata a aprobación e publicación dos novos no BOE”.*

É dicir, unicamente se prorrogan os créditos iniciais do exercicio anterior, co que a prórroga se refire, non á Lei onde se insiren os estados numéricos de previsión de gastos (agás a autorización da emisión de débeda pública, que ten carácter limitativo) e de autorización de créditos para gastos, senón aos orzamentos, xa que a Lei de orzamentos ten, en principio, vixencia indefinida, coa salvidade daqueles preceptos do seu articulado que limitan aquela ao exercicio económico en cuestión. Polo tanto, como a restrición da OEP ten vixencia anual (a última para 2023), a prórroga de 2025 sen ningunha regulación ao respecto fai decaer a restrición á taxa de reposición de efectivos que tiña a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, razóns de prudencia e seguridade xurídica, aconsellan axustarse aos criterios establecidos na última LPXE aprobada no ano 2023.

III. Acreditada así que a aprobación da OEP deriva da necesidade de planificar a xestión de recursos humanos e se pode executar cos orzamentos xerais do Estado prorrogados, cómpre sinalar que segundo o disposto no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TREBEP):

“1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto

da Oferta de emprego público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un dez por cen adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da oferta de emprego público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario oficial correspondente.

3. A Oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establece no seu artigo 48 respecto da oferta de emprego público:

“1. As necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, incluídas as vacantes desempeñadas por persoal funcionario interino ou laboral temporal, serán obxecto de oferta de emprego público, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un dez por cento adicional, salvo que se decida a súa amortización, estean incursas nun procedemento de provisión de postos de traballo por concurso ou, no caso do persoal docente, a planificación educativa o impída.

2. Nas ofertas de emprego público reservarase unha porcentaxe non inferior ao sete por cento das prazas convocadas para ser cubertas entre persoas con discapacidade, sempre que superen as probas selectivas e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade desta co desempeño das tarefas e funcións, de forma que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais de cada Administración pública incluída no ámbito de aplicación da presente lei.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A reserva farase sobre o número total das prazas incluídas na respectiva oferta de emprego público, podendo concentrarse as prazas reservadas para persoas con discapacidade naquelas convocatorias que se refiran a corpos, escalas ou categorías que se adapten mellor ás peculiaridades das persoas con discapacidade. Cando da aplicación das porcentaxes resulten fraccións decimais, redondearanse por exceso para o seu cómputo.

Se as prazas reservadas e que foron cubertas polas persoas con discapacidade non alcanzasen a porcentaxe do tres por cento das prazas convocadas na correspondente oferta de emprego público, as prazas non cubertas do número total das reservadas acumularanse á porcentaxe do sete por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do doce por cento.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3083906939675017459.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

3. *As ofertas de emprego público poden contemplar que as prazas reservadas para persoas con discapacidade se convoquen conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias independentes, garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos selectivos. As probas dos procesos obxecto de convocatoria independente serán de características similares ás que se realicen nas convocatorias ordinarias, habendo de acreditar as persoas que participen nas mesmas o grao de discapacidade indicado. As prazas incluídas nestas convocatorias computaranse na porcentaxe reservada na oferta de emprego público para a súa cobertura entre persoas con discapacidade.*

4. *Unha vez aprobada e publicada a oferta de emprego público, os respectivos procesos selectivos convocaranse no prazo máximo fixado na mesma. En todo caso, a execución da oferta de emprego público debe desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos, a contar a partir do día seguinte ao da publicación daquela no correspondente diario oficial.*

5. *A oferta de emprego público poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos."*

Segundo o disposto no artigo 127 LRBRL, correspóndelle á Xunta de Goberno Local dos municipios de gran poboación a aprobación da oferta de emprego público.

Así mesmo, o artigo 37.1 I) do TREBEP indica que serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e, en relación coas competencias de cada Administración pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, os criterios xerais sobre as ofertas de emprego público.

Neste sentido, a OEP é un acto administrativo que se enmarca dentro das potestades autoorganizativas da Administración, e como ten declarado o TS en sentenza do 30 de xuño de 1997, os criterios xerais sobre a OEP será obxecto de negociación no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración pública, tal e como afirma o TREBEP.

A OEP convértese nun instrumento de planificación que é consecuencia da existencia dunha serie de criterios de dirección de persoal previamente establecidos na función executiva que lles corresponda. Así, a aprobación da OEP someterase a negociación previa coa representación sindical existente no Concello, e os aspectos que han de ser negociados son os criterios xerais dela, mentres que o número de prazas para ofertar é facultade e potestade exclusiva do Concello, que é a quen corresponde, en cumprimento da lei, prever aquelas que considera necesarias para o bo funcionamento da Administración.

O Pleno da corporación na sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2025 aprobou definitivamente o orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercicio económico 2024, integrado polo do propio Concello e o da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), publicándose resumo por

capítulos do orzamento xeral consolidado así como o cadro de persoal no BOP de Lugo, do 1 de abril de 2025.

IV. O artigo 20 da LPXE 2023 dispón os criterios que se deberán ter en conta para a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, que levará a cabo a través da OEP, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual, e respectando, en todo caso, as disponibilidades orzamentarias do capítulo correspondente aos gastos de persoal do orzamento de gastos, dentro dos límites da taxa de reposición de efectivos (TRE).

Dispón así o artigo 20 da LPXE 23 que a OEP se articulará a través das seguintes taxas de reposición de efectivos:

- 120%, no caso dos sectores prioritarios.
- 110%, nos demais sectores, que se poderá ampliar ao 120%, se a entidade local tivese amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior.
- 125%, para a policía local, que se considerará tamén sector prioritario.
- A taxa específica que se recolle no artigo 20.dous.4 da LPXE 2023, que sexa necesaria para dar cumprimento do obxectivo previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de que a temporalidade no emprego público non supere o 8 % das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que veña xustificado de acordo con o instrumento de planificación plurianual con que deberá contar.

O art. 20.Dous.3 LPXE 2023 relaciona os sectores prioritarios, sendo de aplicación ás entidades locais:

“(...) D) Administracións Públicas respecto do control e loita contra a fraude fiscal, (...) de subvencións públicas ..., e do control da asignación eficiente dos recursos públicos.

E) Administracións Públicas respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.

(...)

G) Administracións Públicas respecto da cobertura das prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

(...)

N) Prazas de persoal que presta asistencia directa á cidadanía nos servizos sociais e servizos de transporte público, así como as prazas de seguridade e emerxencias, as relacionadas coa atención aos cidadáns nos servizos públicos e a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.

O) Persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e as comunicacións.”

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3083906939675017459.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

O cálculo da TRE establécese no apartado 1 do artigo 20 Tres da LPXE 23, derivando as seguintes conclusións:

1. O cómputo da taxa de reposición de efectivos faise sobre empregados fixos, comprendendo, por tanto, aos funcionarios de carreira e ao persoal laboral fixo.

2. Os empregados fixos que deben terse en conta para o cálculo da TRE deben prestar servizos en cada un dos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, previstos nos apartados anteriores do artigo 20 Dous 1 da LPXE 23, aínda que non é preciso que pertencan á mesma categoría profesional.

3. As baixas e as altas deben producirse durante o exercicio orzamentario anterior, é dicir, en 2024.

4. Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe máxima autorizada aplicarase sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos (baixas), e o número de empregados que se incorporaron no referido exercicio, por calquera causa salvo os supostos previstos no apartado tres. 4 do mesmo art. 20, ou reingresado desde situacións que non comportan a reserva de postos de traballo.

Para estes efectos, computaranse os cesamentos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras administracións públicas, así como as producidas como consecuencia do disposto no apartado Uno.3 das disposicións adicionais vixésima primeira, vixésima segunda e vixésima terceira respecto da mobilidade do persoal cunha relación preexistente, fixa e indefinida no sector de que se trate.

Por tanto, a porcentaxe de taxa máximo autorizado tense que aplicar sobre a cifra que se obtén da diferenza entre os empregados fixos que deixaron de prestar servizos e os empregados fixos que se incorporaron no exercicio 2022. Non se calcula sobre o total de prazas vacantes que existan na entidade, senón sobre as vacantes que se produciron no exercicio anterior.

Non computarán para os efectos do cálculo da taxa (art. 20.Tres.4-LPXE 2023), sendo unha novidade o apartado h):

"a) O persoal que se incorpore en execución de ofertas de emprego público de exercizos anteriores.

b) As prazas que se convoquen por promoción interna.

c) As prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.

(...)

f) *As prazas necesarias para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos cuxo establecemento veña imposto en virtude dunha norma estatal, autonómica ou local.*

g) *Nos servizos públicos que pasen a ser prestados mediante xestión directa, o número de prazas que as empresas externas destinaban á prestación dese servizo concreto.*

h) *As prazas de persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios que, estando dotadas presupuestariamente, sexan necesarias para dar cumprimento ás previsións legais ou regulamentarias sobre a prestación dos devanditos servizos, a súa creación, organización e estrutura.*

i) *As prazas dotadas presupuestariamente de persoal dos corpos de policía autonómica, dentro do límite aprobado pola Xunta de Seguridade correspondente".*

Dado o carácter planificador da oferta de emprego público e a taxa de reposición de efectivos, o apartado catro do art. 20 da LPXE 2023 lembra que a taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios.

Igualmente, a taxa de reposición dos sectores non prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios. As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior poderán acumular a súa taxa de reposición indistintamente en calquera sector.

Como novidade, a LPXE 2023 precisou que: "*As prazas non cubertas durante a execución dunha convocatoria poderán convocarse novamente sempre que non transcorresen máis de tres anos desde a publicación da Oferta de Emprego Público que as autorízase. A nova convocatoria deberá identificar as prazas que proceden de convocatorias anteriores e a oferta á que corresponden. Esta previsión será aplicable ás convocatorias de procesos selectivos derivadas de Ofertas de exercizos anteriores a 2023, incluídas as que xa fosen publicadas*".

V. No Concello de Lugo producíronse durante o ano 2024 un total de **29 baixas**, utilizándose como regra de cálculo a indicada no art. 20.Tres da LPXE 2023, por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa dos e das titulares dos postos.

En documento anexo, relaciónanse as baixas producidas durante o exercicio 2023, un total de 29:

8 baixas correspóndense a policía local

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3083906939675017459.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

4 baixas correspóndense ao persoal do servizo de prevención e extinción de incendios.

7 baixas correspóndense con servizos incluídos en sectores prioritarios

10 baixas correspóndense con servizos incluídos no resto de sectores.

Así, a oferta proposta segundo o resultado da taxa de reposición de efectivos sinalada segundo a normativa aplicable é a seguinte:

- **19 prazas** da administración xeral/especial, procedentes da aplicación da taxa de reposición de efectivos sinalada anteriormente, a saber:

$$7 \times 1,20 = 8,4$$

$$10 \times 1,10 = 11$$

- **10 prazas** de policía local ($8 \times 1,25 = 10$).

- **17 prazas** de bombeiro condutor, a saber:

$$(4 \times 1,25 = 5)$$

Mais 12 vacantes correspondentes a anteriores ofertas non executadas e que non computan para efectos da TRE segundo o previsto no artigo 20. Tres. 4 apartado h).

O que faría un total de **46 prazas**.

Ademais propónse incorporar polo sistema de promoción interna un total de **8 prazas**.

Cómpre sinalar que en cumprimento do previsto no artigo 59 do TREBEP e 48 da Lei de emprego público de Galicia "*Nas ofertas de emprego público reservárase un cupo non inferior ao 7 por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade. A reserva do mínimo do 7% realizarase de maneira que, alomenos o 2% das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten a discapacidade intelectual*".

As prazas que se propoñen sexan ofertadas segundo as previsións legais son **3 (46 prazas ofertadas x 0,07 = 3,22)**.

Polo tanto, a proposta que o Concello de Lugo realiza ás organizacións sindicais abarca un **total de 46 prazas**, cun total de 46 prazas na quenda libre, e 8 prazas convocadas por promoción interna, na forma que se prevexa nas bases xerais (bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo

publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, do 4 de decembro de 2023) e específicas que corresponda.

A oferta de emprego público e as prazas que se propoñen cubrir mediante promoción interna sostense nas seguintes premisas:

- cumprimento de obrigacións legais.
- abordar as necesidades mais urxentes detectadas nos diversos servizos que compoñen a organización dos servizos e unidades municipais.
- garantir as cadeas de mando nas distintas unidades.
- mellorar os servizos que se prestan á cidadanía.

Tense en conta tamén que as prazas propostas correspóndense con postos de traballo vacantes na RPT ou ocupados por persoal interino.

Debe sinalarse que a elección e o número das prazas ofertadas se viu condicionado nesta ocasión pola necesidade de incorporar a esta oferta de emprego público prazas correspondentes a ofertas de emprego dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo improrrogable de tres anos establecido no artigo 70 TRLEBEP.

VI. Conforme ao disposto no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o órgano competente para a aprobación da oferta de emprego nos municipios de gran poboación é a Xunta de Goberno Local."

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobación da oferta de emprego público para o ano 2025, co número de prazas de persoal funcionario que se relacionan no anexo I.

SEGUNDO.- Este acordo publicarase no Portal de Transparencia, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ANEXO I. PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

PROMOCIÓN INTERNA:

Número	Praza	Escala	Grupo	Quenda
2	Oficial sepultureiro	A.E	C2	Promoción interna
1	Encargado monitor educación viaria	A.E	C2	Promoción interna
1	Oficial albanel	A.E	C2	Promoción interna
1	Oficial fontaneiro	A.E	C2	Promoción

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3083906939675017459.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

				interna
1	Oficial cocifeiro	A.E.	C2	Promoción interna
1	Técnico de xestión	A.X.	A2	Promoción interna
1	Técnico de administración xeral	A.X.	A1	Promoción interna

ACCESO LIBRE:

Número	Praza	Escala	Grupo	Quenda
11	Bombeiro condutor	A.E.	C2	Libre
10	Policía local	A.E.	C1	6 libre / 4 mobilidade
2	Traballador/a social	A.E.	A2	Libre
1	Traballador/a social	A.E.	A2	Reserva discapacidade
2	Técnicos de administración xeral	A.X.	A1	Libre
1	Técnico de administración xeral	A.X.	A1	Reserva discapacidade
2	Delineantes	A.E.	B	Libre
1	Enxeñeiro/a técnico industrial	A.E.	A2	Libre
1	Ordenanza	A.X.	A.P	Reserva discapacidade int.
2	Técnico educación infantil	A.E.	B	Libre
1	Arquitecto/a	A.E.	A1	Libre
1	Enxeñeiro/a de camiños	A.E.	A1	Libre
2	Analista programador	A.E.	A2	Libre
1	Educador/a social	A.E.	A2	Libre
1	Auxiliar administrativo	A.X.	C2	Libre
1	Auxiliar administrativo	A.X.	C2	Reserva discapacidade

ANEXO II. BAIXAS 2024

	Unidade	Ref.	Cod. T	Data baixa	Praza	C.P. RPT	Motivo	Observ.
1	Banda Música	L.F	1100	31.08.2024	Músico solista percusión	5103/36/7	Exc. vol.	
2	Brigada Zona Rural	L.F	506	23.07.2024	Operario zona rural	3201/44/06	Xub.	
3	Deportes	F.C	295	8.11.2024	Celador	52/46/2	Xub.	
4	Fogar do Transeúnte	L.F	1609	7.11.2024	Oficial cocifeira	4102/67/2	Xub. inv.	S.priorit.
5	Inspección Tributaria	L.F	424	4.09.2024	Axente tributario	63/24	Xub.	S.priorit.
6	Inspección Tributaria	F.C	325	10.11.2024	Técnico xestión	63/18	Xub.	S.priorit.
7	Contabilidade	F.C	2255	14.07.2024	Administrativo	64/20	Exc. vol	
8	Parque Móbil	F.C	379	15.01.2024	Oficial cond. mec.	0901/140/1	Xub. inv.	

9	Participación Cidadá	L.F	466	10.07.2024	Axente consumo.	7203/34	Xub.	
10	Augas	L.F	497	16.06.2024	Auxiliar administrativo	66/32/4	Xub. inv.	S.priorit.
11	Desenvolvemento Local	L.F.	1075	4.03.2024	Ordenanza	67/41	Falecemento	S. priorit.
12	Servizo Extinción Incendios	F.C	420	1.08.2024	Cabo bombeiro	13/82/1	Xub.	
13	Servizo Extinción Incendios	F.C	1233	30.12.2024	Bombeiro condutor	13/35	Xub.	
14	Servizo Extinción Incendios	F.C	419	15.02.2024	Bombeiro condutor	13/35	Xub.	
15	Servizo Extinción Incendios	F.C	369	28.01.2024	Bombeiro condutor	13/35	Xub.	
16	Igualdade	L.F	376	16.09.2024	Licenciada dereito	42/259	Xub.	S.priorit
17	Informática	F.C	764	17.09.2024	Analista programador	71/217/3	Xub.	S. priorit
18	Licenzas	F.C	256	31.01.2024	Técnico adm. xeral.	22/208	Xub.	
19	Medio Ambiente	L.F	495	31/05/24	Auxiliar administrativo	25/32/2	Baixa sent. xud.	
20	Persoal	F.C	323	17.12.2024	Auxiliar administrativo	6.32.3	Xub.	
21	Servizo Seguridade	F.C	2887	16.09.2024	Policía local	11/266	Exc.	
22	Servizo Seguridade	F.C	328	1.12.2024	Policía local	11/266	Xub.	
23	Servizo Seguridade	F.C	395	8.05.2024	Policía local	11/266	Xub.	
24	Servizo Seguridade	F.C	362	30.09.2024	Policía local	11/266	Xub.	
25	Servizo Seguridade	F.C	392	1.12.2024	Policía local	11/266	Xub.	
26	Servizo Seguridade	F.C	393	13.09.2024	Policía local	11/266	Xub.	
27	Servizo Seguridade	F.C	397	10.10.2024	Policía local	11/266	Xub.	
28	Servizo Seguridade	F.C	334	1.12.2024	Policía local	11/266	Xub.	
29	Urbanismo	F.C	227	3.10.2024	Técnico adm. xeral.	21/208	Xub.	